

TEMOS LINGUA, TEMOS DEREITOS



**Debate e reflexión sobre
a lingua no ensino**

ELSA QUINTAS ALBORÉS
A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

II XORNADAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
23 de xaneiro de 2021

INTRODUCCIÓN

- * Lexislación relativa á lingua moi espallada no ordenamento xurídico.
- * Non existiu desenvolvemento posterior á Lei 3/1983 de NL: o ordenamento xurídico lingüístico galego é escuálido e incompleto.
- * Dereito **fundamental** e imprescritíbel:
 - Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)
 - Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias (2000)

Constitución e Estatuto de Autonomía de Galiza

- * Galego lingua oficial (art. 3.2 CE)
- * Galego lingua propia (art. 5 EA)
- * Non discriminación (art. 14 CE):

“Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

Artigo 3 da Constitución Española

- 1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.*
- 2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.*
- 3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respeito e protección.*

Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza

- ▶ 1. A lingua propia de Galiza é o galego.
- ▶ 2. Os idiomas galego e castelán son **oficiais** en Galiza e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
- ▶ 3. Os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
- ▶ 4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

A oficialidade da lingua I

- Dereito a empregar a lingua con plenos efectos xurídicos. EFICACIA XURÍDICA.
- Dereito a que non se rexeiten as comunicacións orais ou escritas efectuadas en galego, dirixidas aos poderes públicos.
- Dereito a escoller entre as linguas oficiais como vehículo de comunicación nas relacións privadas e públicas.
- Proscrición da discriminación por motivos lingüísticos.

A oficialidade da lingua II

Dimensión formal ou pasiva: recoñecemento de dereitos.

Dimensión activa: Dereitos dos cidadáns implican obrigas para os poderes públicos.

Art. 9.2 CE: “...*remover os obstáculos que impiden ou dificulten a plenitude dos principios de liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos, así como para facilitar a participación dos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.*”

Obriga de remover obstáculos en situacións de inferioridade

- **Discriminación positiva:**

*Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos: “O artigo 14 do Convenio para a Protección de Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais non prohibe toda diferenza de trato no exercicio de dereitos e liberdades: a igualdade só é violada se a desigualdade está desprovista dunha xustificación obxectiva e razoábel, e a existencia de dita xustificación debe apreciarse en relación coa finalidade e efectos da medida considerada, debendo darse unha relación razoábel de **proporcionalidade** entre os medios empregados e a finalidade perseguida.”*

- **Dimensión colectiva dos dereitos lingüísticos: promoción xurídica do galego.**

Dereitos e deberes

- Deber de coñecer o castelán (non absoluto)
- Deber de coñecer outras linguas (no seu territorio: galego): non excluído expresamente
- Dereitos: Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galiza:
 - Falta de concreción dos compromisos
 - Carece de deberes correlativos aos dereitos que recolle
 - Carece de desenvolvemento en regulamentos
 - Non se definiron medidas para os supostos de incumprimento
- É responsabilidade dos poderes públicos:
 - garantir o dereito ao uso do galego
 - garantir a non discriminación polo feito de falar galego
 - promover e protexer a lingua galega

Dereitos cidadáns I

- Todas as Administracións teñen a obriga de garantir “*a atención ao cidadán na lingua que o solicite sempre que sexa oficial no territorio*” (art. 54.11 EBEP (2015) e art. 74.s) Lei 2/2015 do Emprego Público de Galiza).
- Xunta de Galiza: lingua oficial da administración (arts. 4.1 e 6 da LNL)

Dereitos cidadáns II

- Administración estatal (art. 15 da Lei 39/2015):
 - Órganos centrais: só castelán plenos efectos
 - Órganos periféricos: galego plenamente válido

Administracións locais:

- Dereito a empregar o galego en relacións coas administracións locais (art. 252.2.d) LALG)
- Ordenanzas de Normalización Lingüística que aproba cada concello e deputación sobre o uso do galego.

O galego na Función Pública

- Capacitación lingüística do funcionariado:
 - Xunta: reforma involucionista da Lei 2/2009
 - Administración do Estado: mérito nos postos de atención ao público
 - Universidade:
 - Profesorado: liberdade de cátedra non aplicábel á lingua
 - Sometemento esixencias organizativas no ámbito docente
- Relegación do dereito de sermos atendid@s en galego

O galego na Admon Xustiza I

Artigo 231 LOPX:

1. En todas as actuacións xudiciais, os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais **USARÁN O CASTELLANO**, lingua oficial do Estado.
2. Os Xuíces, Maxistrados, Fiscais, Secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais **PODERÁN** usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxer, alegando descoñecemento dela que puidese producir indefensión.
3. As partes, os seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas.
4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma terán, sen necesidade de tradución ao castellano, plena validez e eficacia. De oficio procederase á súa tradución cando deban producir efecto fóra da xurisdición dos órganos xudiciais sitos na Comunidade Autónoma, agás se se trata de Comunidades Autónomas con lingua oficial propia coincidente. Tamén se procederá á súa tradución cando así o dispoñan as leis ou a instancia de parte que alegue indefensión.
5. A habilitación como intérprete nas actuacións orais ou na lingua de signos realizarase de conformidade co disposto na lei procesual aplicábel.

O galego na Admon Xustiza II:

O DEREITO A RECIBIR NOTIFICACIÓN EN GALEGO

Artigo 7.2. da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística:

*As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. **En todo caso, a parte ou o interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa.***

O galego na Admon Xustiza III

Carta Europea das Linguas Minoritarias: art. 9; Lei Axuizamento Civil: arts. 142 e 143; e LOPX: art. 231 e Lei 3/1983 de NL: art. 7.2.

Proceso penal: dereito a intérprete: art. 520.2 LACrim, incluso a cidadán español que non entenda o español (STC 74/1987).

Proceso civil: dereito a decidir a lingua de tramitación do procedemento.

Ámbito penitenciario: galego plenos dereitos en Galiza, mais non fóra, con d^o a intérprete.

A onde nos conduce a contraditoria lexislación ás operadoras xurídicas?

Ao impedimento legal de exercitarmos o dereito a un proceso en galego, ao incumprimento palmario dos apartados da letra i) do artigo 9 da Carta Europea.

E como consecuencia, á posibilidade de que diten unha Dilixencia de Ordenación nun Xulgado como esta, resolvendo a miña solicitude de que un procedemento se tramitase en galego, no ano 2017:

"En lo referente a la petición de que las presentes actuaciones se desarrollen por completo en lengua gallega poner en conocimiento de la parte demandante que debido a que el programa de tramitación tan sólo se encuentra en lengua castellana y que el artículo 142 de la Ley de Enjuiciamiento Civil determina que el uso de la lengua oficial de la Comunidad Autónoma es POTESTATIVA para los Jueces, Magistrados, Letrados de la Administración de Justicia y demás funcionarios de los Juzgados y Tribunales, continuará el procedimiento tramitándose en lengua castellana sin perjuicio de que la parte pueda presentar sus escritos en la lengua que estime oportuna."

Dereito privado I

- Rexistros públicos: eficacia plena dos escritos en galego
- Rexistro Civil:
 - Practicar a inscrición dun feito (vigor 30/04/21)
 - Procedementos de troco de nome e apelidos
 - Matrimonio, documentos privados, formularios
- Rexistro da Propiedade: art. 313 Lei Hipotecaria
- Notarías: art. 25 LN e art. 149 Regulamento do Notariado
- Rexistro Mercantil: art. 36 Regul. Rexistro Mercantil
- Contratos de seguro: artigo 8 da Lei 50/1980

Dereito privado II:

A NOTARÍA, AS ESCRITURAS PÚBLICAS

Art. 149 do Regulamento do Notariado:

Os instrumentos públicos redactaranse no idioma oficial do lugar do outorgamento que os outorgantes conviñeren. En caso de discrepancia entre os outorgantes respecto da utilización dunha soa das linguas oficiais, o instrumento público deberá redactarse nas linguas oficiais existentes. As copias expediranse no idioma oficial do lugar pedido polo solicitante.

Dereito privado III:

AS PÓLIZAS DE SEGUROS

Artigo 8 da Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro:

A póliza do contrato deberá redactarse, a elección do tomador do seguro, en calquera das linguas españolas oficiais no lugar onde aquela se formalice. Se o tomador o solicita, deberá redactarse noutra lingua distinta, de conformidade coa Directiva 92/96, do Consello da Unión Europea, de 10 de novembro de 1992. (...)

PROPOSICIÓN NON DE LEI POLA PLURALIDADE LINGÜÍSTICA: IGUALDADE, LIBERDADE, DEMOCRACIA

- Demandamos que o coñecemento do galego sexa requisito para acceder a postos na administración pública, á administración de xustiza, aos corpos de seguridade.
- Reivindicamos:
 - a capacitación do funcionariado,
 - o uso das linguas propias nas páxinas oficiais do Estado
 - o recoñecemento das linguas propias a nivel internacional.
- Solicitamos que se poña fin á imposición do castellano nas normas de ámbito económico: na etiquetaxe dos produtos, á hora de liquidar impostos, taxas ou sancións.
- Demandamos que o Estado español debe cumprir os acordos internacionais que ratificou e as recomendacións do Consello de Europa.

Defensa dos dereitos lingüísticos

- Defensa efectiva dos dereitos.
- Exixencia de cumprimento da normativa vixente.
- Exixencia de alargamento da lexislación.
- Perda de dereitos que non se exercen.

A Liña do Galego: linhadogalego@amesa.gal

Asesoramento gratuito sobre os teus dereitos lingüísticos

ASÓCIATE!

A MESA

POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

A lingua galega
necesítate!